
ESPIRAL DE SOMBRAS

Texto de XAVIER SEOANE

Ilustracións de ISAAC PÉREZ VICENTE

Encadernación rústica, sobrecuberta. 14,5 x 21,5 cm. 152 páx. 13 €.

ISBN 978-84-15250-56-2. Factoría K de Libros. Tambo.

DESTRUÍMOS o amor para chegar á cinza.

Destruímos a cinza para chegar ao resplendor.

Destruímos o resplendor para chegar á memoria.

Destruímos a memoria para chegar ao soño.

Destruímos o soño para chegar á voz...

(Fragmento de “Raíz de destrucción”)

Entre a lírica e a épica, entre o canto e a elexía,

“Espirál de sombras” explora a luz e a escuridade dunha utopía incumprida: “Somos da mesma raíz que a terra e as palabras...”


Desde as orixes, pasando pola historia e polos seus avatares, Xavier Seoane indaga na tensión entre o que xa foi e o que pelexa por ser, nun contexto de globalización imparable que trae ata o presente as ameazas da perda e da demolición: “Levántate, país de tódolos abraios, / de tódalas desfeitas...”

Coa paixón e co ritmo como armas e cunha vigorosa imaxinaría, este libro é unha navegación por territorios espaciais e humanos, paisaxes e memorias, tanto materiais como inmateriais.

Unha viaxe, tamén, por unha civilización atlántica -á que se incorporan os nomes de escritores, artistas, editores contemporáneos- que abala entre a liberdade e a dependencia, a esperanza e o esquecemento, a aculturación e a identidade.

De composición sinxela -con trazos da poesía tradicional- e cunha linguaxe directa, está estruturado en tres partes: *Corazón de maiola, Pan de raposo e Pedra da serpe.*

Factoría K retoma o ronsel literario da antiga colección Tambo -continuando con Luís Rei Núñez como coordinador- para seguir apostando por un xénero que conta en Galicia con voces ben destacadas. Na nova etapa, tamén se abre a autores doutras linguas, traducidos directamente para o galego.



■ **Temática:** poesía.

■ **Aspectos destacables:** outros títulos da colección Tambo: “Os ángulos da brasa”, de Manuel Álvarez Torneiro (Premio Ánxe Casal 2012, Premio da Crítica Española 2012 e Premio da AELG 2013); “Alén da fronteira” (Premio Lois Tobío de Tradución 2012), que recompila a obra de sete poetas vascos; “Tríptico”, de Antoni Marí.

Xavier Seoane

(A Coruña, 1954)

Escritor, profesor, conferenciante e articulista, participa dende os anos 70 na renovación cultural de Galicia. Membro fundador de *Luzes de Galiza* e do grupo *De amor e desamor*, entre os seus libros de poesía destacan “Don do horizonte” (1999), no que reuniu a súa obra poética ata esa data, “Dársenas do ocaso” (2002), “Vagar de amor e sombra” (2004), “Para unha luz ausente” (2006), “Do ventre da cóbrega” (2008) e “Raíz e soño” (2009). Cultiva o ensaio artístico: “Identidade e convulsión” (1990) e “Reto ou rendición” (1994); e tamén o ensaio humanístico: “Atravesar o espello” (2000), “O sol de Homero” (2002) e “Saudar a vida” (2007); ademais da narrativa: “Ábrelle a porta ao mar” (2000) e “Filiberto e Sofonisba” (2010). Recibiu os premios Cidade da Coruña, Esquíu, Caixanova, Crítica Española e Espiral Maior.